



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Literatura Española	Código	613G01011	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	Anual	Segundo	Obrigatoria	9
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoloxía Española e Latina			
Coordinación	Caparros Esperante, Luis	Correo electrónico	luis.caparros@udc.es	
Profesorado	Caparros Esperante, Luis Martín Molares, Mónica Rico Alonso, Sonia Valcarcel Lopez, Maria Eva	Correo electrónico	luis.caparros@udc.es monica.martin.molares@udc.es sonia.rico.alonso@udc.es eva.valcarcel@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Introdución á Historia da Literatura Española a través dos seus principais autores e obras.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer os principais autores e obras da Literatura española e valorar criticamente as súas producións.		A1	B1
		A2	B5
		A5	B6
		A11	B7
		A15	B10
		A17	
Adquirir capacidades e sentido crítico para o estudo e a análise literaria de textos españois.		A1	B1
		A2	B5
		A5	B6
		A11	B7
		A15	B10
		A17	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Idade Media	1.1. Introdución: sociedade, cultura e literatura medievais 1.2. Análise e comentarios de las Coplas a la muerte de su padre, de Jorge Manrique. 1.3. Análise e comentarios de La Celestina.
2. Século XVI	2.1. Introdución: sociedade, cultura e literatura no Renacemento. 2.2. Análise e comentarios de Garcilaso de la Vega e frei Juan de la Cruz.
3. Século XVII	3.1. Introdución: sociedade, cultura e literatura no Barroco 3.2. Análise e comentarios de El Quijote. 3.3. Análise e comentarios de lírica do XVII. 3.4. A comedia áurea e El caballero de Olmedo, de Lope de Vega.



4. Da Ilustración ao Naturalismo	4.1. Introducción. 4.2. Aproximación a algúns dos principais xéneros, textos e autores da Ilustración. 4.3 Aproximación a algúns dos principais xéneros, textos e autores do Romanticismo e do Realismo-Naturalismo.
5. Do Modernismo á actualidade	5. 1. Introducción. 5. 2. Aproximación a algúns dos principais xéneros, textos e autores dos séculos XX e XXI.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A5 A11 A15 A17 B1 B5 B6 B7 B10	30	0	30
Aprendizaxe colaborativa	A1 A2 A5 A11 A15 A17 B1 B5 B6 B7 B10	12	10	22
Obradoiro	A1 A2 A5 A11 A15 A17 B1 B5 B6 B7 B10	22	22	44
Lecturas	A1 A2 A5 A11 A15 A17 B1 B5 B6 B7 B10	0	80	80
Proba obxectiva	A1 A2 A5 A11 A15 A17 B1 B5 B6 B7 B10	4	40	44
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Impartiranse nas sesións comúns e terán carácter teórico e positivo.
Aprendizaxe colaborativa	O formato de grupo reducido ten como obxectivo favorecer a participación activa do alumnado, que, como se indica noutro lugar, computa igualmente para a cualificación final.
Obradoiro	Nas aulas en grupo reducido desenvolveranse comentarios guiados sobre textos das lecturas. Á final de cuadrimestre avaliaranse, mediante proba escrita e controis, a destreza adquirida nestes comentarios e as lecturas realizadas.
Lecturas	En todas as aulas traballarase sobre textos de lectura obrigatoria, indicados na presente guía docente ou en Moodle. Cómpre facer as lecturas antes da explicación do tema, para o seu correcto aproveitamento.
Proba obxectiva	Unha proba escrita (exame) na data oficial asignada no mes de xuño, con nova convocatoria de segunda oportunidade en xullo. Nestas probas, o alumnado deberá amosar o seu dominio dos contidos e destrezas traballados nas sesión maxistras e tamén nos grupos reducidos e seminarios.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva	A atención personalizada de carácter presencial darase durante o horario oficial de titorías ou, no seu caso, a través da plataforma Moodle ou por correo electrónico.

Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A1 A2 A5 A11 A15 A17 B1 B5 B6 B7 B10	Nas datas oficiais realizaranse as probas obxectivas (exames) pertinentes.	50
Lecturas	A1 A2 A5 A11 A15 A17 B1 B5 B6 B7 B10	Lecturas obrigatorias que serán a base para as sesións maxistras e os obradoiros do curso. Cada cuadrimestre realizarase un control destas lecturas.	20
Aprendizaxe colaborativa	A1 A2 A5 A11 A15 A17 B1 B5 B6 B7 B10	Terase en conta a asistencia e a participación de cada estudante nas aulas, con controis onde se poña de manifesto o seu interese e a súa evolución.	10
Obradoiro	A1 A2 A5 A11 A15 A17 B1 B5 B6 B7 B10	Cada cuadrimestre elaborárase nas aulas unha proba consistente no comentario literario dun texto seleccionado polos profesores, como control do aprendido neste campo.	20

Observacións avaliación



A anteriores

porcentaxes son orientativas. Para completar a información, cómpre ter en conta o seguinte:

1. O 50% da cualificación final obterase polas probas escritas (exames), en convocatorias oficiais de primeira e de segunda oportunidade. Para aprobalas, e para aprobar a asignatura, deberase obter nelas un mínimo de 4 sobre 10. Por exemplo, un 3 no exame non é posible compensalo cun 7 pola suma de actividades e asistencia.
2. Con independencia do anterior, haberá un exame opcional en xaneiro que permitirá liberar materia da primeira parte da asignatura.
3. O 40% obterase pola realización de actividades durante o curso. Un 20% corresponde a dous comentarios de texto e outro 20% para dous controis de lectura. En ambos casos, as probas serán por escrito, en horario de curso, á final de cada período, en decembro e en maio.
4. O 10% restante corresponde á asistencia, participación e desempeño de cada estudante no decorrer do curso, con atención á aprendizaxe colaborativa.
5. Para obter cualificación é indispensable presentarse ás convocatorias oficiais, tanto en primeira como en segunda oportunidade.
6. Toda avaliación positiva será gardada para a cualificación da segunda oportunidade, en xullo. En caso de estar suspensas ou non realizadas, efectuaranse entón as probas pertinentes.
7. O alumnado con dispensa académica recoñecida deberá comunicalo por escrito a luis.caparros@udc.es, co asunto: "Asistencia", en canto comece o curso ou sexa efectiva a matrícula. A dispensa académica elimina neste caso o 10% correspondente á asistencia. Esa porcentaxe trasládase ás actividades, que pasarán a contar cada una o 25% da cualificación final.
8. O alumnado repetidor que non poida asistir ás aulas ten a opción de acollerse ao sistema anterior, mediante aceptación expresa, comunicada a través dun correo electrónico a luis.caparros@udc.es, antes do día 15 de setembro.
9. As probas escritas e as actividades deberán cumprir unhas esixencias mínimas de corrección lingüística en español, lingua regulamentaria do curso: acentuación, ortografía, precisión léxica, ausencia de abreviaturas, rexistro formal, etc. A penalización por faltas graves será de medio punto en cada caso. Para estudantes de lingua estranxeira será indispensable un dominio razoable da lingua española, tanto en expresión oral como escrita.
9. Forma parte das obrigas do alumnado estar ao corrente do curso e das actividades mediante a consulta periódica da plataforma Moodle.
10. Lémbrese que os dereitos e deberes do alumnado da UDC están recollidos no Estatuto do Estudantado, na web institucional: http://www.udc.es/normativa/estudantes/estatuto_estudantado.html
O resto de normativa pode consultarse en: <http://www.udc.es/normativa/academica/>



<p>Bibliografía básica</p>	<p>Lecturas obrigatorias. PRIMEIRA PARTE Idade Media 1. Coplas a la muerte de su padre, de Jorge Manrique (pdf en Moodle). 2. Fernando de Rojas, La Celestina, ed. de F. J. Lobera, G. Serés e outros. Madrid: Real Academia Española, 2011. ??Edición alternativa: P. E. Russell, ed. Madrid: Castalia, 1991. ??Edición alternativa: D. S. Severin, ed. Madrid: Cátedra, 1992. Século XVI 3. Selección de textos de Garcilaso de la Vega e frei Juan de la Cruz (pdf en Moodle). Século XVII 4. Miguel de Cervantes, capítulos 23 a 27 da Primeira parte de Don Quijote de la Mancha, edición en liña do Instituto Cervantes (Centro Virtual Cervantes), dirixida por Francisco Rico: &lt; http://cvc.cervantes.es/literatura/clasicos/quijote/ &gt; (consultado a 23/06/2015). ??Edición alternativa, en papel. Barcelona: Instituto Cervantes, Galaxia Gutenberg (Círculo de Lectores) e Centro para la Edición de los Clásicos Españoles, 2004 (2 vols.). 5. Selección de textos líricos do XVII (pdf en Moodle). 6. Lope de Vega, El caballero de Olmedo, ed. Francisco Rico, 12ª ed. Madrid: Cátedra, 2004. ??Edición alternativa, electrónica, por Ignacio Arellano, Universidad de Navarra: &lt; http://www.unav.edu/centro/griso/files/file/materiales_docentes/Caballero_Olmedo_Lope.pdf &gt; (consultado o 25/06/2015). SEGUNDA PARTE Século XVIII 7. Leandro Fernández de Moratín, El sí de las niñas, ed. de J. Pérez Magallón. Barcelona: Crítica, 1994. Século XIX 8. Selección de poemas de Espronceda e de Bécquer, facilitada polo profesor. 9. Ángel Saavedra, Duque de Rivas, Don Álvaro o la fuerza del sino, ed. de M. A. Lama. Barcelona: Crítica, 1994. 10. Benito Pérez Galdós, Miau, ed. F. J. Díez Revenga. Madrid: Cátedra, 2000. Séculos XX e XXI 11. Selección de poemas, facilitada pola profesora. 12. Selección de relatos entregados pola profesora e lecturas escollidas de Pequeñas resistencias 5. Antología del nuevo cuento español (2001-2010), ed. Andrés Neuman. Madrid: Páginas de Espuma, 2010.</p>
<p>Bibliografía complementaria</p>	<p>Lecturas recomendadas. Manuais Alberich, J. et al., dir., Historia de la Literatura Española. Madrid: Cátedra, 1990. Alvar, C., J. C. Mainer y R. Navarro Durán, Breve historia de la literatura española. Madrid: Alianza Editorial, 1997. Mainer, J. C. dir., Historia de la literatura española. Barcelona: Crítica, 2010. 9 vols. Rico, F. dir., Historia y crítica de la literatura española. Barcelona: Crítica, 1983-. Rodríguez Cacho, L., Manual de historia de la literatura española. Madrid: Castalia, 2009. Estudos Aguilar Piñal, F., Introducción al siglo XVIII. Madrid: Júcar, 1991. Bataillon, Marcel, Erasmo y España: estudios sobre la historia espiritual del siglo XVI, trad. de Antonio Alatorre. Madrid: Fondo de Cultura Económica, 1995. [2ª ed., 5ª reimp.] Curtius, Ernst, Literatura europea y Edad Media Latina. México: FCE, varias eds. García Posada, Miguel, La nueva poesía: 1975-1992. Barcelona: Crítica, 2009. Gies, David, ed., El romanticismo. Madrid: Taurus, 1989. Guillén, Claudio, El primer Siglo de Oro: estudios sobre géneros y métodos. Barcelona: Crítica, 1988. Lewis, C.S., La imagen del mundo: introducción a la literatura medieval y renacentista. Barcelona: Península, 1997. Lissorgues, Y., M. Palenque Francisca Soria, ?Del Realismo al Fin de Siglo. Sociedad y arte literario?, en V. García de la Concha, dir., y F. Romero Tobar, coord., Historia de la literatura española. Siglo XIX. Madrid: Espasa-Calpe, 1998, pp. 1-90. Litvak, L., ed., El Modernismo. Madrid: Taurus (El escritor y la crítica), 1975. López Bueno, B., coord., La Renovación Poética del Renacimiento al Barroco. Madrid: Síntesis, 2006. Mainer, J. C., La Edad de Plata (1902-1939). Madrid: Cátedra, 1983. Mainer, J. C., De posguerra (1951-1990). Barcelona: Crítica, 1994. Riley, Edward C., Cervantes? Theory of the Novel. Oxford: Clarendon Press, 1962. (Traducido como Teoría de la novela en Cervantes. Madrid: Taurus, 1966.) Romero Tobar, L., Panorama crítico del Romanticismo español. Madrid: Castalia, 1994. Ruiz Pérez, P., Manual de literatura española de los siglos de oro, Madrid: Castalia, 2000. Strosetzki, Christoph, ed., Teatro español del Siglo de Oro: teoría y práctica. Frankfurt am Main: Vervuert, 1998. Yndurain, Domingo, Humanismo y Renacimiento en España. Madrid: Cátedra, 1994.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua Española 1/613G01001

Introdución aos Estudos Literarios/613G01005

Lingua e Cultura Clásica/613G01006

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



Non

se admitirán traballos por correo electrónico. O único soporte para a entrega será o papel. As lecturas obrigatorias faranse nas edicións críticas recomendadas arriba ou, no seu caso, nas consultadas co profesorado. A guía docente é o documento público onde se visualiza a proposta académica da UDC e o marco regulamentario oficial destes estudos. Como tal, é o documento de referencia que obriga a docentes e a estudantes. Para a primeira parte da asignatura, unha fonte complementaria de información será a páxina de Facebook "Lata de Lite": <https://www.facebook.com/latadelite/>

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías